

## O CONCELLO INFORMA

### CONVOCATORIA PARA CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data once de maio de dous mil dezasete, aprobáronse as bases reguladoras do proceso de selección de persoal laboral mediante a constitución dunha bolsa de emprego público temporal, para cobertura dos seguintes postos:

- Operario - condutor de servizos múltiples (PC e recollida de lixo).
- Albanel oficial de segunda.
- Tractorista - palista.
- Xardineiro oficial de segunda.
- Operario servizos múltiples - conserxe.
- Monitor servizos culturais e educativos.

As instancias solicitando participar no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Vedra, no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP, publicando as bases o mesmo día de publicación do anuncio no BOP no taboleiro de anuncios municipal e na web: [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com).

A convocatoria e as bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no prazo de dez días naturais a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Máis información na oficina do técnico local de emprego do concello, en horario de oficina de 9.00 a 14.00 horas.

Vedra, 18 de maio de 2017  
O ALCALDE,

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo